



Federación Galega
de Caza

Gabinete de Comunicación



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

Reunión da Comisión para a Xestión do Coello de Monte

O 30 de novembro tiña lugar nos locais da RFEC, sede de Fedenca, a reunión anual da Comisión para a Xestión do Coello de Monte que esta coordinada por Manuel Martínez.

Á primeira reunión desta xoven Comisión estaban citados un bo elenco de expertos na Xestión do Coello de Monte, sabendo dende o comenzo que eles son un aspecto fundamental á hora de establecer os cimentos deste grupo de traballo e os mellores orientadores para dar os pasos no futuro.

Neste primeiro encontro participaron e espuxeron os seus puntos de vista diante dos responsables de Fedenca os científicos Carlos Calvete, Carlos Díez, Carlos Rouco, Vicente Piorno, Emilio Virgós, Sara Cabezas, Francisco J. García, Pedro González, Tomás Merchán e Francisco Sánchez. A Comisión preve reunirse con outros expertos que por unha ou outra causa non poideron estar presentes nesta reunión.



Nun ambiente moi distendido puxéronse sobre a mesa infinidade de aspectos, todos eles relacionados coas cuestións fundamentais á hora de xestionar as poboacións do coello de monte. Cada un dos asistentes fixo unha radiografía actual das distintas situacións polas que atravesan as poboacións do coello de monte ao longo e ancho de todo o territorio nacional destacando que a día de hoxe a situación é moi dispar, posto que nalgunhas zonas acada a categoría de praga e noutras está practicamente desaparecido.

Tamén foron obxecto de análise novos datos, así, como a situación na que se atopan os últimos e máis novidosos estudos e traballos que se están desenrolando a día de hoxe sobre este lagomorfo. Informouse os asistentes da situación na fase de proba de campo da vacina recombinante sobre a que se informara en breve a tódolos cazadores.

Unha vez establecido un diagnóstico da situación actual, na que se apreciaron certos avances pero tamén algunhas deficiencias, estableceuse un plan de traballo para esta Comisión sobre a Xestión do Coello de Monte que comenará a ver a luz en breve coa publicación das conclusións deste primeiro encontro.

A principios do próximo ano concretaranse as accións e proxectos a desenrollar por parte da Comisión de cara a aportar o seu grao de area nesta complicada tarefa que supón a xestión das poboacións do Coello de Monte.

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

Estadio Multiusos de San Lázaro, Porta 12 - Tlf. 981 562 777 Fax 981 562 779 - 15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Correo Electrónico: federacion@federaciongalegadecaza.com Internet: <http://www.federaciongalegadecaza.com>